

SONANDO GALICIA...

con

Manuel

María

LETRAS
GALEGAS
2016

XUNTA DE GALICIA

SONANDO GALICIA...

con

Manuel

María

LETRAS
GALEGAS
2016



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística
CEIP ADR Castelao de Rianxo

Coordinadora:

M.^a Teresa Tubío Rial

Autoría:

María López Núñez
Belén Rodríguez Conde
Noemí Figueira Tubío
Thais Carou Figueira
M.^a José Bellas López
Beatriz Rodríguez Busto
M.^a Jesús Lestón París
M.^a Marcelina López Gey
Andrea M.^a Rodríguez Cebreiro
María Vázquez Pérez
Ánxela M.^a Diz Varela
M.^a Josefa Amigo Forján
M.^a Purificación García Romero
Daniel Weyner Malleiro
Ana Belén Mourín López

Dep. Legal: C 497-2016



ÍNDICE

Biografía.....	Páx. 6
Actividades para educación infantil.....	Páx. 8
Actividades para 1.º de educación primaria.....	Páx. 12
Actividades para 2.º de educación primaria.....	Páx. 14
Actividades para 3.º de educación primaria.....	Páx. 16
Actividades para 4.º de educación primaria.....	Páx. 18
Actividades para 5.º de educación primaria.....	Páx. 20
Actividades para 6.º de educación primaria.....	Páx. 22
Actividades con pictogramas.....	Páx. 24
Actividades en lingua de signos.....	Páx. 25
Ligazóns de interese e bibliografía.....	Páx. 26

BIOGRAFÍA

Manuel María Fernández Teixeiro nace en Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929. Como fillo de labregos, pasa a súa nenez e adolescencia no medio rural.

Comeza a escola en Outeiro de Rei e logo trasládase a Lugo para facer o bacharelato. Sempre que pode volve a Outeiro de Rei. Aprende a facer versos nas tardes de verán á sombra dunha oliveira, con Manuel de Paderna.

Con 19 anos imparte a primeira conferencia no Círculo das Artes de Lugo. Invitado por Luís Pimentel, intégrase no faladoiro do café Méndez Núñez ao que asisten outros escritores como Ánxel Xohán, Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Aquilino Iglesia Alvariño e Carballo Calero; que o poñen en contacto coa realidade cultural galega. Publica os primeiros versos en galego na revista Xistral, fundada por Pimentel.

En 1950 escribe o seu primeiro libro de poemas Muiñeiro de brétemas, que marca a aparición dunha nova corrente poética na lírica galega: a Escola da Tebra.

En Santiago coincide con Uxío Novoneyra e con outros intelectuais galeguistas como Otero Pedrayo e Carlos Maside nos faladoiros do café Español. Forma a editorial Xistral xunto con Ánxel Xohán.

En 1953 escribe a primeira redacción de Terra Chá e outros libros.

Coñece a Saleta Goi en 1956, a súa compañeira e musa, coa que casa tres anos despois. Instálanse en Monforte de Lemos, onde exerce como procurador ata a súa xubilación. Manteñen unha gran relación con intelectuais galegos como Vicente Risco, Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas. Tamén asiste ás primeiras reunións para reorganizar o nacionalismo galego, no que é clave a figura de Méndez Ferrín.

Intensifica a súa creación como poeta, narrador e dramaturgo. E publica libros como Documentos personaes (1958) e Mar Menor (1963). Crea a colección de poesía Val de Lemos.

Comprometido coa fala, co pobo e con numerosas causas xustas, percorre o país cunha voz cada vez máis combativa. Desta época son Versos para un país de minifundios, Versos para cantar en feiras e romaxes, Remol e Cancións do lusco e fusco.

BIOGRAFÍA

Publicou varios libros de literatura infantil como Os soños na gaiola, nados dos recordos da súa infancia labrega. Escribiu obras de teatro, como Barriga Verde, unha das primeiras obras de teatro infantil publicadas en Galicia; A farsa de Bululú, Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela, tamén de carácter teatral; e as narrativas Cando o mar foi polo río, Unha sombra vai polo camiño e Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos.

Escribiu ensaios sobre Bouza Brey e Celso Emilio Ferreiro entre outros. Tamén publicou diversos artigos e pezas de teatro en xornais e revistas galegas.

No teatro Capitol en Santiago presenta a Nova Canción Galega en 1968. Moitos grupos e cantantes musicaron os seus poemas.

En 1970, xunto coa súa dona, inaugura en Monforte a Librería Xistral.

Comprometido co nacionalismo galego, e tamén coa lingua, apoiou sempre iniciativas na defensa do idioma galego.

Participa en actividades da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que o nomea socio de honra en 1997.

Recibe numerosos premios, homenaxes e recoñecementos como o da AS-PG en 1995 na Coruña, cidade a onde se traslada a vivir en 1998, xunto coa súa dona.

Unha das últimas campañas coa que colaborou foi a do colectivo Burla Negra e a Plataforma Nunca Máis, con motivo do desastre do petroleiro Prestige.

Con 73 anos, o día 15 de febreiro de 2003, entra como académico numerario na Real Academia Galega.

Falece o día 8 de setembro de 2004 na Coruña e é trasladado a Outeiro de Rei.

O 17 DE MAIO CELÉBRASE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS QUE ESTE ANO 2016 SE DEDICA A

M__NUEL M__RÍ__

NACEU PRETO DE LUGO, NO CONCELLO DE

OUTEIRO DE _ _ _



NO MAPA DE GALICIA, REPASA E COLOREA A PROVINCIA DE LUGO.

ORDENA AS LETRAS E ESCRIBE A PALABRA.


OS SEUS ÚLTIMOS ANOS PASO UNOS EN

A _ _ _ _ _

ÑA

RU

CO




O SEU MUNDO POÉTICO ESTÁ CHEO DE PAISAXES MÁXICAS. APRENDEU
A ESCRIBIR VERSOS Á SOMBRA DUNHA OLIVEIRA.

MIRA O CARTEL 1 E TRATA DE DEBUXAR A TÚA
OLIVEIRA.

COLOREA A RESPOSTA CORRECTA:

O FROITO DA OLIVEIRA É: A



EN 1956 COÑECEU A SALETA GOI, CON QUEN CASOU 3 ANOS DESPOIS. XUNTOS PUXERON A ANDAR A EDITORIAL XISTRAL.



UNS ANOS MÁIS TARDE MANUEL MARÍA E SALETA
ABRIRON UNHA LIBRERÍA CO MESMO NOME, CAL É?

X.....STR.....L


QUE SE VENDE NUNHA LIBRERÍA?
DEBUXA E ESCRIBE A RESPOSTA.

_____ S


CONTINÚA AS SERIES.



AXUDA A MANUEL MARÍA A CHEGAR ATA O SEU LIBRO.



MANUEL MARÍA ESCRIBIU VARIAS OBRAS DE TEATRO. ESTAS SON ALGUNHAS.




EN *BERENGUELA*, CÓNTANOS AS AVENTURAS DUNHA PLANTA QUE ABUNDA EN GALICIA. CAL É?



COLOREA SÓ O NOME DESTA PLANTA.


O PROTAGONISTA BARRIGA VERDE SEMPRE REMATABA VENCENDO O ADVERSARIO QUE PODÍA SER O MESMO DEMO.

FÍXATE NO CARTEL NÚMERO 7 E DEBUXA A BARRIGA VERDE E O DEMO.




EN QUE PARTE DO CARTEL NÚMERO 7 PODES VER ESTOUTRO PERSONAXE? SINALA.

☐ ARRIBA ☐ ABAIXO ☐ NO MEDIO




COMPLETA COAS PARTES DO CORPO DESTE PERSONAXE DE BARRIGA VERDE.



COLABOROU COA PLATAFORMA NUNCA MÁIS, CON MOTIVO DO DESASTRE CAUSADO POLO PETROLEIRO PRESTIGE.

OS SOÑOS NA GAIOLA É UN LIBRO PARA NENOS E NENAS NO QUE HAI POEMAS SOBRE ANIMAIS, COUSAS, FESTAS ETC.

COLOREA O PRESTIGE SEGUNDO O CÓDIGO.



EN QUE CARTEL HAI UNHA GAIOLA CHEA DE COUSAS? *No cartel número*
REPASA O POEMA DO CARACOL E RODEA DE VERDE A VOGAL O.

CARACOL, COL, COL;
CARACOL, CARACOLEIRO:
PON OS TEUS CORNOS Ó SOL
XA QUE ERES TAN FRIOLEIRO!

REPASA AGORA A CUNCHA DO CARACOL E O SEU CAMIÑO.





Este ano as Letras Galegas están dedicadas a un escritor nacido en Outeiro de Rei, Lugo. Completa con vogais e obterás o seu nome completo. Se tes dúbidas, busca nos carteis.

M _ N _ _ L M _ R _ _ F _ RN _ ND _ Z T _ _ X _ _ R _

Completa as oracións sobre a vida de Manuel María coas palabras das caixas.

Monforte

outubro

Terra Chá

labregos

Xistral

Naceu o 6 de en Outeiro de Rei, Lugo.

Pertencía a unha familia de

Coa súa esposa abriu unha librería en chamada

Dedicoulle moitos versos a

Une e forma os títulos dalgúñas obras de Manuel María.

Barriga

na gaiola.

A farsa de

Bululú.

Os sonhos

Verde

Muiñeiro de

brétemas.

Fíxate nas portadas dos libros de Manuel María que aparecen no cartel 3 e copia algúns títulos.

.....

.....


.....

.....

Resolve o xeroglífico e contesta a pregunta.

Como se chamaba a esposa de Manuel María?

.....



Comproba a túa resposta buscando a información no cartel número 3.

No cartel 9 está representado un importante monumento dunha cidade galega. Busca información na rede para contestar estas cuestións:


De que monumento se trata?

En que cidade se atopa?

Ten algunha utilidade? Cal?



Busca no cartel 2 os escritores que Manuel María coñeceu nos faladoiros do café Méndez Núñez. Escribíbeos e busca os seus apelidos na sopa de letras.



Completa o encrucillado axudándote do cartel 7.

**O carrizo, carriceiro;
o carrizo, carrizón.
¡O carrizo pequeneiro
do tamaño dun botón!**


0eiro;

0ón.

j0 pequeneiro

do tamaño dun!

Completa o encrucillado axudándote do cartel 7.



2. Nome da espiña
do toxo.

3. Na obra *Barriga Verde*, Manuel María recuperou o espectáculo de, que?



Busca nos carteis as respostas ás seguintes cuestións sobre Manuel María.

Cal é o seu nome completo?

Onde e cando naceu?

Que negocio abriu xunto coa súa dona Saleta?

Cal foi o seu primeiro libro de poemas?.....

Onde faleceu? A que idade? Calcúlao.

Unha biografía é unha narración sobre a vida dunha persoa. Le a de Manuel María. Agora escribe brevemente a túa propia biografía.

.....

.....


.....

.....

.....

.....

No mapa de Galicia, colorea segundo o código os seguintes lugares e escríbeos.



Amarelo: A Coruña, Ourense e Pontevedra (1).

Azul: Lugo (2).

Verde: A Terra Chá(3).

Vermello: Outeiro de Rei (4).



2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA



Manuel María colaborou coa plataforma Nunca Máis cando se produciu a marea negra polo naufraxio dun petroleiro. Cal era o nome deste barco?

.....



Das seguintes obras de Manuel María, colorea as que sexan de poesía de cor verde e as de teatro, de cor laranxa.

Os soños na gaiola

A farsa de Bululú

Barriga Verde

Muiñeiro de brétemas

Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela

Atopa na sopa de letras os nomes das aves que aparecen nos poemas de *Os soños na gaiola*.

anduriñas
escribente
pazpallár
pega
corvo
merlo
carrizo
pardal
cuco

Q	K	F	A	N	X	P	E	G	A	S
B	A	V	X	O	W	A	C	B	P	E
N	N	P	V	J	R	Z	Q	P	A	A
P	D	C	E	U	E	P	G	O	R	Y
Ñ	U	Q	U	E	S	A	T	R	D	P
P	R	R	P	O	C	L	Y	Z	A	K
Q	I	P	T	I	R	L	Q	P	L	V
O	Ñ	Ñ	Z	W	I	A	J	C	U	Z
W	A	V	X	P	B	R	J	A	H	U
X	S	D	Y	V	E	C	O	R	V	O
W	B	S	Q	L	N	M	E	R	L	O
Q	X	Q	Ñ	U	T	K	E	I	W	V
G	F	W	V	O	E	F	I	Z	O	M
P	J	M	I	D	W	I	L	O	B	A
W	B	H	C	Q	W	L	C	U	C	O

Busca na rede información sobre eles. Nesta páxina atoparás máis poemas de Manuel María sobre as aves http://www.casamuseomanuelmaria.gal/upload/recursos/cat_3/30/aves.pdf

Fíxate nestes versos do poema “O soñador”, de *Os soños na gaiola*. Podes escoitar este e outros poemas musicados en: <http://galizaenmusica.blogspot.com.es/2013/08/suso-vaamonde-os-sonos-na-gaiola-1978.html?q=suso>

**Quixera ser muiñeiro
pra me enfoular de fariña.**

(...)

**Eu quixera ser ferreiro
e o ferro ardente forxar.**

Completa un poema do mesmo estilo con outras profesións.

Quixera ser

pra

Quixera ser

.....

Manuel María foi un gran defensor do galego e apoiou iniciativas como o Correlingua, celebrado cada ano nunha vila diferente e no que se propón realizar exercicios e bandas deseñadas para fortalecer a lingua galega.

Que lema inventarías para o seguinte Correlingua?

.....



Busca nos carteis e completa a seguinte información sobre Manuel María.

Manuel María _____ naceu en _____ o 6 de outubro de _____. En 1942 trasladouse a _____ para estudar o bacharelato. Entrou en contacto con diferentes autores galegos no faladoiro literario do café _____.

Coa súa obra _____ iniciouse a corrente poética da lírica galega a Escola da Tebra.

Busca no dicionario o significado das seguintes palabras.

Literaria: _____

Lírica: _____

Tebra: _____

Localiza e colorea no mapa Outeiro de Rei (vermello), Lugo (azul), Monforte (verde) e a comarca da Terra Chá (laranja).



Relaciona, coloreando da mesma cor, os seguintes lugares e os acontecementos relacionados con Manuel María.

A CORUÑA

MONFORTE DE LEMOS

NACEU UN 6 DE
OUTUBRO DE 1929

MORREU O 8
DE SETEMBRO
DE 2004

TRABALLOU COMO
PROCURADOR

LUGO

OUTEIRO DE REI

ESTUDOU O
BACHARELATO



Inventa un acróstico co nome de Manuel María.

M _____
 A _____
 N _____
 U _____
 E _____
 L _____
 M _____
 A _____
 R _____
 I _____
 A _____

Le este fragmento do poema “O carro” do libro *Terra Chá* e contesta. Escóitao recitado en: <http://obloguedepoesia.com/categoriy/manuel-maria/>

**Non canta na Chá ninguén.
 Por eso o meu carro canta.
 Canta o seu eixo tan ben
 que a señardade me espanta.**

(...)

**O meu carro é cerna dura:
 sábese carballo e freixo.
 Que fermosa a súa feitura!
 Que lixeireza a do eixo!**

En que cartel hai un carro? _____
 Que partes do carro aparecen? _____

De que madeira está feito? _____

Completa as fichas dos seguintes libros. Se o precisas, busca nos carteis.



Título: _____
 Autor: _____
 Editorial: _____
 Estilo literario: _____

Título: _____
 Autor: _____
 Editorial: _____
 Estilo literario: _____



Busca o título de catro obras de teatro de Manuel María.

N	U	Y	O	L	Q	W	I	R	T	I	X	A	F	A	R	S	A	D	E	B	U	L	U	L	U	V	P	W
W	Ñ	D	E	A	K	I	G	Ñ	I	Z	N	O	B	E	R	T	O	I	O	F	Z	E	V	A	H	N	U	H
Z	Q	U	J	R	O	T	M	X	B	Q	J	E	N	H	N	Ñ	U	L	U	T	L	F	Q	F	I	J	N	D
K	A	U	H	H	I	L	Q	I	B	T	G	N	P	A	Z	R	O	T	B	B	T	Ñ	J	C	J	N	Z	D
N	N	U	Q	G	A	T	A	L	M	F	B	K	W	X	A	B	E	R	E	N	G	U	E	L	A	G	B	A
S	R	S	B	Q	V	R	W	H	R	U	W	B	A	R	R	I	G	A	V	E	R	D	E	Ñ	G	D	N	U

SOLUCIÓN: Berenguela, A farsa de Bululú, Barriga Verde e Unha vez foi o trebón.



CARTEL 1

Onde naceu Manuel María?

En que traballaban os seus pais?

Que libros se citan neste cartel?

Palabra secreta: completa coas vogais e atoparás a solución.

M..... N.....L

Quen lle ensinou a escribir versos na súa infancia?

D.....

P..... D.....R N.....

CARTEL 2

En que faladoiros participou Manuel María?

Con que personaxes?

.....

Observando a imaxe do cartel, poderías dicir en que cidade se atopan?

Xustifica a túa resposta:

CARTEL 3

Quen é Saleta Goi?

Completa con títulos dos libros de Manuel María.

NARRATIVA	POESÍA	TEATRO
.....		
.....		
.....		

Busca no dicionario a seguinte palabra e copia a acepción máis axeitada para este caso.

Musa.

CARTEL 4

Que é a Nova Canción Galega?

Onde e cando a presentou?


CARTEL 9

Investiga: busca información sobre a plataforma **Nunca Máis** e o **Prestige**.



Completa o encrucillado. Podes axudarte coa información dos carteis 3, 4, 5 e 10.

- 1 Fermoso libro de poemas que fala de animais, cousas, paxaros, festas etc.
- 2 Cidade na que viviron.
- 3 Os seus poemas tamén son, que?
- 4 Nome da súa compañeira.
- 5 Cidade na que faleceu.
- 6 Nome da editorial que organizou.



O **galeguismo** é unha corrente intelectual co obxectivo de perpetuar, mediante a defensa e a promoción activas, a cultura e a identidade propias de Galicia en todas as súas manifestacións: **lingua, literatura, música, folclore, gastronomía, tradicións.**

L	B	V	A	S	R	D	J	W	N	U	O	P	B	W	E	F	H	A	I
E	H	Q	E	J	Y	M	Y	M	Q	R	A	U	G	N	I	L	R	Z	S
V	B	F	A	U	T	O	S	N	O	I	C	I	D	A	R	T	K	B	C
P	F	F	A	T	J	B	K	S	E	B	R	C	E	I	R	Q	C	P	D
O	N	E	F	X	C	R	N	F	I	K	B	V	K	M	U	S	I	C	A
W	T	B	Q	S	L	R	X	E	V	Y	L	S	I	Y	G	C	V	H	E
V	M	Q	Z	Z	L	Y	D	G	A	S	T	R	O	N	O	M	I	A	J
X	W	B	D	U	Y	L	I	T	E	R	A	T	U	R	A	P	C	Q	U
E	R	O	L	C	L	O	F	Y	X	L	T	X	C	J	L	M	G	H	T
Ñ	A	X	F	Z	I	T	J	D	P	Q	V	U	C	X	K	J	T	W	A

Busca na sopa de letras as palabras resaltadas. Con que cartel gardan relación?.....

Versos encadeados: a partir da imaxe do cartel 8, inventa unha cadea.

Na Terra Chá hai una casa,
xunto da casa hai ,
..... ,
..... ,
..... ,
..... ,

Os caligramas son poemas que se escriben formando debuxos. En cal dos carteis aparece un caligrama?.....
Inventa un pequeno caligrama.



Busca o nome de todas as vilas, cidades e accidentes xeográficos que aparecen na biografía de Manuel María e sitúaos no mapa de Galicia.



Escribe por que foi importante cada un deses lugares na vida de Manuel María:

Manuel María escribía tanto narrativa, como teatro e poesía. Utiliza os pareados para escribir a túa biografía, polo menos utiliza 6 estrofas de pareados. Na 1.^a estrofa conta onde naciches; na 2.^a que fixeches cando eras pequeno; na 3.^a estrofa cales son os teus gustos; na 4.^a que che gusta da escola; na 5.^a que queres ser de maior; na 6.^a estrofa remata o poema como ti queiras.

Manuel María recibiu moitas homenaxes e premios ao longo da súa vida, pero o que máis lle gustou foi formar parte da **RAG**. Busca o que significan estas siglas e infórmate para que serve esa institución.

(<http://academia.gal/diccionario#inicio.do>)

Escribe 6 siglas máis en galego e o seu significado.



Analiza o número de sílabas, o tipo de versos e a rima do seguinte poema:

Estabas queda á tardiña.

¡O sol reflectía en ti

tódalas cores que tiña!

Eras vidro quedo e verde.

¡En ti soaban os sinos

de Lucerna de Valverde!

E aló polo mes de abril,

¡as oucas a florear

de xeito leve e xentil!

Miña Lagoa de Cospeito:

¡has vir comigo, metida

no máis fondo do peito!

Cando o mar foi polo río

.....
.....

No poema anterior cítase o nome dunha lagoa; define o que é e busca o nome doutras lagoas que haxa en Galicia e onde están situadas.

.....
.....
.....
.....

Busca na biografía as datas importantes na vida de Manuel María e fai unha liña do tempo.

INVESTIGA

En que ano naceu Manuel María? Busca outros acontecementos importantes que ocorresen en Galicia nese ano.

Manuel María escribe sobre todo de Galicia, das súas paisaxes, a súa fauna, a súa flora e a súa xente. A súa familia eran labregos, que outros traballos tradicionais había en Galicia?

Unha das obras de Manuel María é *Cancións do lusco e fusco*. Busca e explica o significado da expresión “entre lusco e fusco” e escribe outras expresións semellantes.



Escrebe os nomes de todos os escritores e intelectuais cos que tivo algún tipo de contacto Manuel María, busca o seu ano e o lugar de nacemento e sitúaos no mapa. Logo escribe o nome dunha obra representativa de cada un:



Investiga que relación ten a palabra XISTRAL coa vida de Manuel María.

No cartel 5 hai un acróstico. A partir da palabra **XISTRAL**, fai ti un contando feitos importantes na vida de Manuel María.

X.....

I.....

S.....

T.....

R.....

A.....

L.....



Manuel María comezou a facer versos nas tardes de verán á sombra dunha oliveira cando era ben neno, intenta ti facer o mesmo e inventa: 4 pareados nos que contes a vida de Manuel María e 2 cuartetos nos que contes a túa biografía.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Busca o significado das seguintes palabras que aparecen na biografía:

Intelectuais: _____

Galeguistas: _____

Nacionalismo: _____

Xeración do 27: _____

Existencialismo: _____

No ano 1968 presenta no teatro Capitol de Santiago de Compostela a Nova Canción Galega, onde grupos e cantantes solistas musicarán os seus poemas. Fai unha busca destes grupos e solistas e que poemas de Manuel María cantaron.

Busca nos carteis o título da obra de Manuel María que utiliza a **sátira** e a **burla** e investiga en que consiste esa técnica literaria.

Analiza este poema: sílabas de cada verso, rima, tipo de versos, clase de estrofa; sinala tamén as sinalefas e se hai algunha outra figura literaria:

¡E tantos poetas ignorados
que para o vento cantaron!
¡Os seus versos namorados
nas ás da brisa voaron!

¡O grilo! ¡Manuel Chiquito!
¡Pepe da Costa, o trotón!
¡Paderna...! ¡No meu espírito
latexa a vosa canción!

Cando o mar foi polo río



PICTOGRAMAS



Coloca nos cadros ao lado de cada frase, o número de cartel correspondente representa en pictogramas:



A Terra Chá, sempre no meu corazón

Tamén escribín obras de teatro



Recibín numerosos premios




A miña lingua é o galego

A miña compañeira chámase Saleta



Agrádanme os faladoiros literarios





Son un poeta comprometido con Galicia



Nacín nunha familia de labregos



Os meus poemas son música




Os Soños na gaiola é un fermoso libro de poemas que fala de animais, cousas, festas etc.




LINGUA DE SIGNOS



Este é o alfabeto dactilolóxico, é dicir, o abecedario en lingua de signos.



Une as seguintes palabras relacionadas coa vida de Manuel María cos signos que lle correspondan. Practica co alfabeto dactilolóxico e xogade a adiviñar outras palabras.



A Coruña

Outeiro de Rei



Saleta

Lugo



Monforte

Café Méndez Núñez



Xistral



LIGAZÓNS

Casa Museo de Manuel María: <http://www.casamuseomanuelmaria.gal/portada.htm>

Asociación de Escritores en Lingua Galega: <http://www.aelg.org/>

Real Academia Galega: <http://academia.gal/letras-actual>

Visita virtual á Casa Museo Manuel María: <https://www.youtube.com/watch?v=uYh6AwFuSKI>

BVG: http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=ManFern%E1&alias=Manuel+Mar%EDa&solapa=biografia

aelg.org: <http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/manuel-maria>

BIBLIOGRAFÍA

Biografía, con base na: RAG, Casa Museo Manuel María e aelg.org.

Fernández Teixeira, M. M.^a (2015): *A esencia máis nosa. Poemas sobre a lingua galega*. Outeiro de Rei: Casa-Museo Manuel María.

Fernández Teixeira, M. M.^a (2012): *Os lonxes do solpor*. Outeiro de Rei: Casa-Museo Manuel María.

Fernández Teixeira, M. M.^a (2014): *Sonetos á casa de hortas*. Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

Fernández Teixeira, M. M.^a (2015): *Os sonhos na gaiola*. Outeiro de Rei: Casa-Museo Manuel María.

Fernández Teixeira, M. M.^a (2015): *Terra Chá*. Outeiro de Rei: Casa-Museo Manuel María.

Fraga, X.; Rodríguez, M.; Díaz, C.; Souto, X. e Gómez, C. (2006): *Fotobiografía sonora de Manuel María*. Sarria, Lugo. Ouvirmos.

Senlle, U. e Blanco, M. (2015): *Canta o Cuco*. Vigo. Sonárbore, Galaxia.

Fernández Teixeira, M. M.^a (2015): *O bigote de Mimí*. Outeiro de Rei: Casa-Museo Manuel María.

Fernández Teixeira, M. M.^a (2015): *Cando o mar foi polo río*. Outeiro de Rei: Casa-Museo Manuel María.

Fernández Teixeira, M. M.^a (2015): *A tribo ten catro ríos*. Outeiro de Rei: Casa-Museo Manuel María.

Sande, Miguel. "Con 72 anos e 47 poemarios, non imaxino a miña vida sen a poesía". *La Voz de Galicia*, páx. 46. (16/10/2002)

Definición CORRELINGUA, con base na <http://www.correlingua.gal/quen-somos>

Definición GALEGUISMO, con base na <https://es.wikipedia.org/wiki/Galleguismo>

A cita "Sen metafísica poética" do cartel n.º 10 atópase na placa colocada na honra de Manuel María na Praza Maior de Lugo.

